

**ACTA N.º 03 / 2024**
**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Venres, 13 de decembro de 2024
<b>HORA</b>	10:00 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VICEPRESIDENTE: MARÍA DEL PILAR GARCÍA PORTO</li> <li>• SECRETARIA: LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: JOSÉ M<sup>a</sup> ARIAS FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: ANTONIO AMEIJIDE OSORIO (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA (SUPLENTE)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL BNG: IRIA CASTRO FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> <li>• CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR)</li> <li>• USC VICERREITORADO CAMPUS DE LUGO: ANTONIO ÁLVAREZ RODRÍGUEZ (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALARÍA DE LUGO: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• AMIGOS DO CAMIÑO NA PROVINCIA DE LUGO: ANTONIO FERNÁNDEZ PIÑEIRO (SUPLENTE)</li> <li>• FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR)</li> <li>• AGAVI: MARIA ANTONIA LÓPEZ FRAGA (SUPLENTE)</li> <li>• APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR)</li> <li>• FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE)</li> <li>• AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)</li> <li>• XEFATURA DO SERVIZO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)</li> </ul>

	IV7VY27YHBM TLTMZAQMWKZIGGM	<b>Fecha y Hora</b>	07/01/2025 11:10:00
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBM TLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBM TLTMZAQMWKZIGGM</a>	<b>Página</b>	1/10



	<ul style="list-style-type: none"> <li>RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR)</li> </ul>
--	--

## ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 13 de setembro de 2024.

2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2024.

3.-Rogos e preguntas.

No Salón de Plenos do Pazo de San Marcos, sendo as dez horas e oito minutos do 13 de decembro de 2024, reúnen os membros do Consello de Turismo relacionados co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria do Consello de Turismo convocada ao efecto baixo a Presidencia de Pilar García Porto, en substitución do Presidente da Deputación de Lugo.

Actúa como Secretaria Leticia Rodríguez Díaz, en substitución do Secretario Xeral e de conformidade coa habilitación normativa contida no artigo 5 do Regulamento do Consello de Turismo da Provincia de Lugo, publicado no BOP número 202, do 5 de maio do 2018.

A Vicepresidenta do Consello de Turismo dá paso aos asuntos contidos na orde do día da sesión:

### 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 13 de setembro de 2024.

Pregúntase aos asistentes se desexan realizar algunha puntualización relativa á acta. Ao non pórse de manifesto ningunha cuestión sométese a votación, quedando aprobada cos votos a favor de Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, José María Arias Fernández, Antonio Ameijide Osorio, José Demetrio Salgueiro Rapa, Iria Castro Fernández, Luis Fernández Guitián, Antonio Álvarez Rodríguez, José Francisco Real Castro, José María Seijas López, María Antonia López Fraga, Francisco Xabier Almuiña Chorén, María Nuria Neira Vila, Mercedes Lamela López e coas abstencións de Mónica Díaz Jublín e Antonio Fernández Piñeiro.

### 2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2024.

Tralas votacións correspondentes ao primeiro punto da orde do día e iniciado o segundo, incorpóranse á sesión do Consello de Turismo os representantes das Reservas da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	2/10



Becerreá e Terras do Miño, ás 10:13 horas e ás 10:20 horas, respectivamente.

Neste punto da orde do día, a Vicepresidente do Consello de Turismo toma a palabra de novo para expoñer as principais actuacións desenvolvidas ao longo do ano no marco da promoción turística, a colaboración con entidades de ámbito nacional e internacional, a cooperación cos municipios, o fomento do turismo e as rutas fluviais, que abrangueron principalmente as seguintes actuacións:

## 1. PROGRAMAS TURÍSTICOS


### PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA 2024”

No ano 2024 executouse a cuarta edición do programa Coñece a túa provincia, dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia de Lugo e que consiste na realización de excursións que se articulan en 44 itinerarios diferentes, abarcando unha mostra representativa do patrimonio cultural, natural e gastronómico de cada un dos 67 concellos da provincia de Lugo. Os obxectivos xerais do programa son:

- Contribuír á desestacionalización da oferta turística da provincia de Lugo: o marcado carácter estacional do turismo, cuxa actividade se focaliza nos períodos vacacionais (Semana Santa, xullo e agosto) xustifica a contribución deste programa á sostibilidade económica e social do sector, así como ao mantemento do emprego ao longo do ano.
- Apoiar e dar visibilidade tanto aos diferentes destinos como aos establecementos e profesionais que compoñen a cadea de valor do sector do turismo e da hostalería na provincia de Lugo: Coñece a túa provincia concíbese como un programa que ten por obxecto poñer en valor un sector altamente vocacional, onde os diferentes actores desenvolven un papel clave na cohesión territorial e na construción da imaxe de marca e no relato turístico que ten como principal alicerce a identidade do territorio.
- Servir como instrumento de sensibilización das veciñas e veciños do territorio sobre o potencial turístico dos 67 municipios da provincia de Lugo e da importancia da preservación do patrimonio natural e cultural como elemento que contribúe ao desenvolvemento sostible no eido social, económico e medioambiental: Coñece a túa provincia pretende fomentar o sentimento de orgullo de pertenza ao territorio e converter á veciñanza na mellor embaixadora dos seus valores, cos correspondentes efectos positivos no coidado da herdanza patrimonial e o retorno positivo que esta xera en termos de oportunidades socio-económicas para a provincia.

Para a edición do ano 2024, recibíronse 302 solicitudes de diferentes asociacións da provincia, das cales desfrutaron do programa un total de 82.

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	3/10




## RUTAS POLO ROMÁNICO DA PROVINCIA

Como membro da TRANSROMANICA, a Deputación de Lugo organizou unhas xornadas de visita a monumentos románicos en 20 concellos da provincia de Lugo ao longo do mes de maio do 2024 e nas que participaron 297 persoas. As rutas integraron os monumentos románicos máis senlleiros dos concellos de Antas de Ulla, Taboada, Palas de Rei, Monterroso, Pantón, Portomarín, Paradela, Sarria, O Saviñao, Lugo, Chantada, Monforte de Lemos, Ribas de Sil, Quiroga, Sober, Lugo rural, Guntín, Viveiro, Meira e Foz.

## 2. PRESENZA EN FEIRAS E OUTRAS ACCIÓNS PROMOCIONAIS

- FITUR 2024 (MADRID): a Deputación de Lugo presentou este ano en Fitur a campaña “Saborea a provincia de Lugo”, coa que se promocinou o potencial gastronómico da provincia da man dunha representación de produtores locais.
- BIOCULTURA 2024 (A CORUÑA): do 1 ao 3 de marzo, celebrouse en ExpoCoruña unha nova edición de Biocultura, principal feira de produtos ecolóxicos e onde a Deputación de Lugo participou coa presenza dos Servizos de Turismo e Medio Ambiente. Traballar por un turismo sostible e pór en valor os recursos naturais do territorio foron os obxectivos da presenza nesta feira que, segundo a organización, acadou arredor de 14.000 visitantes.
- EXPOVACACIONES 2024 (BARAKALDO): do 10 ao 12 de maio celebrouse no Bilbao Exhibition Center de Barakaldo (Biscaia) unha nova edición de Exповacaciones, feira de turismo referente no norte de España, onde volveu estar presente a Deputación de Lugo e que recibiu, segundo a organización, arredor de 30100 visitantes.
- GASTROTUR DO ULLA (A ESTRADA): do 17 ao 19 de maio celebrouse na Estrada a primeira edición do Salón de recursos turísticos, gastronómicos e deportivos das Terras do Ulla - Gastrotur do Ulla, onde a Deputación de Lugo estivo presente, promocionando os principais recursos das Terras da Ulloa.
- PRODUART (BURELA): a Deputación asistiu con stand propio a Feira dos Produtos Artesanais e Ecolóxicos Produart, celebrada en Burela entre os días 2 e 4 de agosto do 2024, coincidindo coa feira do Bonito.
- XANTAR (OURENSE): do 24 ao 27 de outubro tivo lugar en Ourense o Salón Internacional de Turismo Gastronómico “Xantar” coa presenza, un ano máis, da Deputación de Lugo con stand propio. Ao longo dos catro días, a Deputación de Lugo amosou o seu potencial como destino gastronómico a

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	4/10



través de diferentes degustacións realizadas da man dos concellos de Lourenzá, Alfoz, O Valadouro, Antas de Ulla, Navia de Suarna, A Fonsagrada e a colaboración do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra.

- L DE LUGO (LUGO): do 27 ao 28 de outubro tivo lugar en Lugo a IV Feira das Distribuidoras Lucenses na que a Deputación de Lugo tivo presenza con stand propio.
- OUTRAS ACCIÓNS PROMOCIONAIS
  - Degustación de produtos gastronómicos lucenses para a Feira de San Isidro da Milagrosa.
  - *Showcooking* na presentación da Feira do Bonito de Burela.
  - Organización da segunda edición do túnel do viño o 15 de novembro para a promoción do potencial enolóxico da provincia.

### 3. REUNIÓNS E ACTIVIDADES

- ASAMBLEA DA TRANSROMÁNICA: Como membros da asociación TRANSROMANICA, participamos de xeito telemático o pasado 23 de outubro, na Asemblea Xeral desta asociación. Neste encontro, ademais de poñer en común as actividades realizadas por cada un dos membros en prol da promoción do románico nos seus territorios, a Deputación comprometeuse a acoller a asamblea xeral no ano 2026.
- GRUPO DE TRABALLO REDE DTI: Este ano a Deputación de Lugo participou nas reunións telemáticas do Grupo de Traballo de Deputacións, Cabildos e Consells da Rede DTI os días 23 de abril e 27 de novembro, onde se abordaron modelos para impulsar as accións dos organismos provinciais neste senso.
- TALLER DE CREACIÓN DE EXPERIENCIAS DE ECOTURISMO DE ESPAÑA: o 23 de abril o Servizo de Turismo participou en Sober nun taller de creación de experiencias ao abeiro do proxecto da creación do corredor de Ecoturismo da España Verde.
- MESA STARLIGHT EN NAVIA DE SUARNA: o 22 de abril o Servizo de Turismo participou en Navia de Suarna na constitución da mesa Startlight da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, navia e Becerreá, onde se fixo entrega do distintivo Starlight para o territorio.
- ASISTENCIA AO SEMINARIO DE INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS NO ÁMBITO DO TURISMO: o 18 de abril o Servizo de Turismo asistiu en Vila Real (Portugal) ao Seminario de Intercambio de Experiencias no ámbito do turismo organizado polo Eixo Atlántico e dedicado ao turismo accesible.

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	5/10



#### 4. PUBLICACIÓNS:

En maio de 2024 presentouse o cuarto tomo da guía *Lugo Románico. Lugo, A Terra Chá e A Mariña*. A entidade provincial adquiriu 1000 exemplares desta publicación, que se atopa tamén dispoñible na web institucional en formato dixital.

#### 5. ACCIÓNS DE PATROCINIO:

Ao longo do ano 2024 contratáronse, entre outras, as seguintes accións de patrocinio:

- PATROCINIO DA APEHL NA PARTICIPACIÓN DO CAMPIONATO OFICIAL DE TAPAS E PINCHOS DE ESPAÑA 2024 EN MADRID FUSIÓN (29 e 30 de xaneiro).
- PATROCINIO DO PILOTO JOSE ANTONIO LISTE NO EUROPEAN HILL CLIMB CHAMPIONSHIP DO 2024
- PATROCINIO DOS EVENTOS XORNADA PRIMAVERAL DE TAPAS E MÚSICA E ESTASE COCENDO (APEHL ZONA SUR)
- PATROCINIO DO PORTOMARIN BEER FEST 2024
- PATROCINIO DA SERIE DOCUMENTAL “A GRANDE EPOPEA DE GALICIA”
- PATROCINIO DE LA VUELTA 2024.
- PATROCINIO DO FESTIVAL TRECE ROEIS
- PATROCINIO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE TAEKWONDO - NEKA DE MONFORTE
- PATROCINIO DO EVENTO *LUCUS IN VINO VERITAS*

#### 6. COOPERACIÓN COS CONCELLOS: PLAN DEPUTACIÓN

A Vicepresidenta do Consello de Turismo indicou que co Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, a Deputación provincial tratou de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade. Dende o Servizo de Turismo da Deputación de Lugo tramitáronse os seguintes expedientes con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, dentro da liña destinada a actuacións e eventos turísticos:

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	6/10



ALFOZ: PROMOCIÓN BIC CASTELO CASTRO DE OURO

BECERREÁ: FESTA DO MEXILÓN

BURELA: XEORUTAS

CASTRO DE REI: ESTUDO INTEGRAL E POSTA EN VALOR DA EXPERIENCIA  
COLONIZADORA DA TERRA CHA NO CONCELLO DE CASTRO DE REI. FASE I

FOLGOSO DO COUREL: FESTA DA CASTAÑA

O INCIO: CAMPAÑA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA O CONCELLO DE O INCIO

LOURENZÁ: FESTA DA FABA CONCELLO DE LOURENZÁ 2024

MONDOÑEDO: ORGANIZACIÓN DO XXXII MERCADO MEDIEVAL

MONFORTE DE LEMOS: PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DA CIDADE DE MONFORTE  
EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN

NAVIA DE SUARNA: PROMOCIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA

AS NOGAIS: MAGOSTO POPULAR 2024

POBRA DO BROLLON: PROMOCIÓN TURÍSTICA GUIMARALIA 2024

QUIROGA: IMPRESIÓN DE FOLLETOS TURÍSTICOS PROMOCIONAIS DO CONCELLO  
DE QUIROGA

TRICASTELA: V FESTA DO PEREGRINO


O VICEDO: ROMAXE VIQUINGA 2024

## 7. FOMENTO DO TURISMO

A Vicepresidenta do Consello de Turismo sinalou que nesta liña de actuación enmárcanse as subvencións nominativas que son obxecto de aprobación no orzamento anual e que, no eido do turismo inclúen as seguintes entidades beneficiarias:

- Mancomunidade Concellos da Mariña Lucense: actividades de promoción turística
- Concello de Monforte de Lemos: recreación das Festas do Medievo.
- Concello de Monforte de Lemos: Promoción do Viño da Ribeira Sacra.
- Concello de Viveiro: Semana Santa de Viveiro.

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	7/10



- Concello de Trabada: Festa da enfariñada.
- Consorcio Turístico Ribeira Sacra: Gastos correntes de funcionamento.
- Asociación Cultural Falcatrueiros: Festival Internacional de Danza.
- Asociación Museo Casa de Muñecas: Gastos de Funcionamiento.
- ACR Aturuxeiros de Bravos: Sufragar actividades da Asociación.
- Asoc.de Amigos da Feira de Bretoña: Festa da bola de liscos e freces de Bretoña.
- Fundación Xesus Bal y Gay: Festival Bal y Gay.
- Asoc.Comerciantes Empresarios Profesionais, Gandeiros e Autonomos de Muimenta: Festa da Filloa.
- Asoc.Cultural San Froilán en Barcelona: Promoción do San Froilán en Barcelona.
- Xunta de Cofradías de Semana Santa de Lugo: gastos de organización da Semana Santa de Lugo.
- Centro de Iniciativas Turísticas A Pontenova: Festa da Troita.
- Club Ciclista San Miguel: Desafío San Miguel.
- Club Ciclista Terra Chá: Ruta BTT Terra Cha Queixo San Simon da Costa.
- Asociación Cultural Amigos da Liga Santaballea: Feira do Indiano.
- Museo do Ferrocarril de Galicia (MUFERGA): Sufragar gastos de Xestión e Actividade.
- Asoc. de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo: Promoción Turística e Gastronómica de Lugo e curso de especialización en enoturismo.
- Asociación de Mulleres Rurais San Bartolomeu de Insua: Tasca do Liño.
- Asoc. De veciños de Cabreiros: Invernada de Cine.
- IES de Foz: Concurso Internacional de Baristas.

A maiores, ao longo do 2024 tramitáronse os seguintes convenios interadministrativos:

- Concello de Oourol: Edición do Libro: *A Imaxinería nos cemiterios de Oourol: dous canteiros.*
- Concello de Oourol: XI Festival to Aturuxo.
- Concello de Taboada: Raizames- Encontro da Cultura do Viño da Ribeira Sacra.
- Concello de Viveiro: Viveiro ante o Berce.

Tamén no eido das liñas de actuación en materia do fomento do turismo enmarcouse a quinta convocatoria dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “...E para comer, Lugo á gastronomía lucense” e o “Premio Turismo Sostible”.

Estes premios constituíron un recoñecemento honorífico á dedicación de

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	<b>Fecha y Hora</b>	07/01/2025 11:10:00
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	<b>Página</b>	8/10





distintas empresas, persoas, institucións ou entidades e aos méritos que concorren nas mesmas polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística provincial, a súa traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras e/ou exemplares que tiveron unha repercusión positiva no ámbito do turismo, da gastronomía ou da sostibilidade turística na provincia de Lugo.

Na edición 2024 resultaron galardoadaas as seguintes candidaturas:

**PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”**

- Ruta dos Lobos da Fonsagrada (Asociación Fonsagrada Balompié).
- Complexo Histórico e Recreativo das Minas Consuelo e Boulloso do Concello da Pontenova.

**PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE”**

- Feira do Capón de Vilalba.
- Festa da cereixa, do viño e do aceite do Concello de Ribas de Sil.

**PREMIO TURISMO SOSTIBLE**

- Barco Museo Boniteiro Reina del Carmen do Concello de Burela
  - Accésit: Mostra Exposición de Muimenta (MOEXMU) presentada pola Asociación de comerciantes, empresarios, profesionais, gandeiros e autónomos de Muimenta.


**8. RUTAS FLUVIAIS**

A Vicepresidenta do Consello de Turismo informou de que o número total de persoas usuarias das rutas fluviais da Deputación de Lugo deste ano ascendeu a 61.487 das que 46.954 escolleron a ruta do Canón do Sil e 14.533 realizaron a ruta do Cabo do Mundo. Estes datos supuxeron un incremento global de 1866 viaxeiros respecto ao 2023.

**3.-Rogos e preguntas.**

Neste punto da orde do día toma a palabra en primeiro lugar o representante do Grupo Provincial do Partido Popular, Antonio Ameijide Osorio, solicitando de cara a futuras sesións que a información relativa ás actuacións realizadas polo Servizo de Turismo sexa facilitada con anterioridade aos membros do Consello. A Vicepresidenta do Consello de Turismo responde que se trata dunha dación de conta de actuacións que se realiza durante a propia sesión do Consello, que polo tanto non é preciso anticipar unha documentación que está recollida en expedientes administrativos e que os grupos políticos dispoñen de mecanismos de acceso a esa documentación.

	IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM	<b>Fecha y Hora</b>	07/01/2025 11:10:00
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
<b>Firmado por</b>	PILAR GARCÍA PORTO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBMTLTMZAQMWKZIGGM</a>	<b>Página</b>	9/10



A continuación toma a palabra o representante de Fegatur, Francisco Xabier Almuíña Chorén, quen solicita que a Deputación faga todo o posible para retirar dos encoros as actuais embarcacións, xa que en diferentes sitios estanse a incorporar embarcacións que funcionan con enerxía eléctrica ou solar, apuntando que as institucións deben ir por diante dando exemplo ao resto da cidadanía.

A maiores, propón que a Deputación favoreza unha tendencia que se vén dando no turismo dende fai anos e para o que o territorio conta con todos os elementos para implantala, como é o turismo de benestar ou de “ben ser”, que inclúe prácticas como o *mindfulness*, meditación, ioga... actividades que axudan a que a xente poida oxixenarse e desconectar. Considera que dende a administración debería fomentarse esta modalidade de turismo sen prexuízo de que xa se promovan estadias nos balnearios e outro tipo de accións, e sinalando como exemplo a recente apertura, en colaboración co Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, da primeira ruta sensorial, “a embelesadora”, no Concello de Taboada.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello de Turismo, agradecendo a a colaboración e aportacións e sinalando que, respecto do primeiro rogo estase a traballar co Consorcio de Turismo Ribeira Sacra na aprobación dun Plan de mobilidade para levar a cabo algunha acción coas embarcacións da Deputación. Apunta que non é doado, porque polo de agora non hai infraestrutura para subministrar a enerxía eléctrica necesaria nos embarcadoiros para dispor de puntos de recarga, polo que este tipo de actuacións non só dependen da vontade da Deputación.

Respecto do segundo rogo, a Vicepresidenta do Consello de Turismo indica que precisamente a campaña que presentará a Deputación na vindeira edición de Fitur vai dirixida a captar ese tipo de turismo.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:36 horas.

O Presidente,

A Secretaria,

Vº. e pr.

P.D. PILAR GARCÍA PORTO

LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ

	IV7VY27YHBM LTMZAQMWKZIGGM	Fecha y Hora	07/01/2025 11:10:00
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBM LTMZAQMWKZIGGM">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7VY27YHBM LTMZAQMWKZIGGM</a>	Página	10/10

